

## **Asunto: APROBACIÓN CRITERIOS SELECCIÓN PEÓNS RISGA**

BASES QUE REXEN NA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN, BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO LABORAL TEMPORAL DE INTERESE SOCIAL, DENTRO DO PROGRAMA DE CONTRATACIÓN TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA (Expediente:TR351F2016/42-1)

### **Primeira.- Obxecto da convocatoria.**

O obxecto desta convocatoria é a selección e posterior contratación laboral temporal, baixo a modalidade de contrato laboral temporal de interese social, de 2 peóns para labores de Varredor

### **Segunda.- Requisitos dos aspirantes.**

Con carácter xeral os/as candidatos/as enviados polo Servizo Público de Emprego deberán reunir os requisitos establecidos pala convocatoria do programa subvencionado (na Orden da Consellería de Traballo e Benestar de data 29 de decembro 2015: DOG num 248 do día 30 de decembro 2015.), e ademáis deberán reunir os seguintes requisitos ou condicións:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ao emprego público de conformidade co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
- b) Ter cumprido a lo menos 16 anos de idade e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidades nin eiva física que lle incapacite para o desenvolvemento das correspondentes funcións propias do posto de traballo.
- d) Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións semellantes ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbo sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que

se aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatibles coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

- f) Estar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas
- g) Ser perceptores de RISGA, no momento de levar a cabo a selección e contratación deste persoal.

Os anteriores requisitos deberanse cumprir tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

### **Terceira.- Duración e tipo de contrato.**

O contrato de traballo será a xornada parcial ( 75% da xornada de traballo), cunha duración de sete ( 7 meses) dende o inicio da súa contratación, con distribución de xornadas segundo o que estableza a Alcaldía.

### **Cuarta .Retribucións.**

As retribucións salariais serán as incluídas na táboa salarial co Convenio Provincial da Cosntrucción publicado no BOP nº 165, do 29/08/2011, revisión salarial e BOE nº 164, de 28/08/2013, para o grupo de cotización 10, nivel XI-XII

### **Quinta.- Sistema de selección**

A solicitude de candidatos demandantes non ocupados realizarase a través de oferta específica de contratación de beneficiarios Risga, na oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia. Entre os candidatos remitidos realizarase selección dos aspirantes mediante concurso-oposición a través da observación documental cos indicadores e dimensións a valorar e unha entrevista na que se valorará exclusivamente aspectos curriculares dos aspirantes.

## FASE DE CONCURSO (máximo 6 puntos)

1 .Número de persoas que compoñen a unidade familiar e que están a cargo da persoa titular da RISGA (puntuación máxima dous puntos):

	Puntuación.
a. Sen persoas a cargo	0
b. De 1 a 2 persoas a cargo	+0,5
c. De 3 a 4 persoas a cargo	+1
d. De 4 a 5 persoas a cargo	+1,5
e. Máis de cinco	+2

2. Dificultade de incorporación laboral segundo a idade da persoa.

	Puntuación
a. Menor ou igual a 25 anos	+0,5
b. Maior de 25 anos e menor ou igual a 35 anos	+1
c. Maior de 35 anos e menor ou igual de 45 anos	+1,5
d. Maior de 45 anos	+2

3. Que teña asignado proxecto de inserción laboral.

	Puntuación
a. Sin proxecto	+0
b. Con proxecto	+2

## FASE DE OPOSICIÓN (máximo 3 puntos)

Os aspirantes deberán asistir a unha entrevista persoal e individual, que versará sobre as competencias e a capacitación dos aspirantes para o desenvolvemento adecuado do posto. Para elo, o Tribunal fará unha serie de preguntas para valorar as competencias que se consideran necesarias para acceder ao posto de traballo, sendo a puntuación máxima de esta proba de 3 puntos.

As cualificacións da fase de entrevista adoptaranse sumando as puntuacións otorgadas por cada membro do Tribunal a cada aspirante e dividíndoas polo número total de membros do Tribunal, sendo o cociente resultante a puntuación que obteña o aspirante na entrevista.

## **Sexta.- Documentación a presentar**

Os interesados deberán presentarse o día indicado na convocatoria remitida pola Oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia coa documentación alí indicada:

1. Carta de convocatoria da Oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia
2. DNI.
3. Documento acreditativo de ter asignado proxecto de inserción laboral.
4. Documento acreditativo de ter persoas ao seu cargo. (Libro de Familia. No caso de pais separados Sentenza Xudicial)

A documentación referida aos puntos 3 e 4 será facilitada polos Servizos Sociais do Concello do Grove directamente ao Tribunal de Selección para a súa Baremación.

## **Sétima. Admisión de aspirantes.**

Unha vez rematadas as probas se baremarán os resultados obtidos na fase de méritos e na fase de oposición para seleccionar con tódala información recollida ós candidatos que mellor se adecúen ao posto de traballo ao que optan, sendo seleccionados os que obteñan maior puntuación.

En caso de igualdade na puntuación final dos aspirantes, terase en conta en primeiro lugar a puntuación obtida na valoración feita na entrevista, e se seguira habendo empate, se atenderá á puntuación obtida na fase de méritos e por último se persistira o empate, se resolverá por sorteo.

A comisión mixta formulará a correspondente proposta de contratación a favor dos candidatos que obtivesen maior puntuación no conxunto da proba selectiva.

Levantarase acta comprensiva dos elementos ou criterios obxectivos de valoración adoptados para a cualificación, así como do resultado das probas, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello do Grove e na Páxina Web.

## **Oitava. Comisión Seleccionadora/Tribuna: Grupo Mixto.**

Segundo a Orden reguladora a selección realizarase por un grupo mixto constituído por representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria e da entidade beneficiaria, que actuarán de conformidade cos principios xerais de acceso ao emprego público e de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para os postos convocados.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas

no Artigo 28 da Lei 30/1992 (L.R.X. P.A.C.)

### **Novena. Presentación de documentos e contratación.**

O/a aspirante seleccionado/a e proposta polo Tribunal deberá presentala documentación acreditativa do cumprimento das condicións e requisitos esixidos no prazo de tres días.

No caso de renuncia ou que no prazo indicado, e salvo circunstancias de forza maior, o/a aspirante non presentara a documentación esixida, ou se comprobara que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratado/a e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.

Neste caso a Alcaldía poderá acorda-la contratación do/a aspirante seguinte na lista, que obtivera a seguinte mellor puntuación total, que deberá presentar, en tal caso, a documentación antes sinalada.

O/a aspirante proposto/a e contratado/a comezará a prestar servizos na data que se lle indique pola Alcaldía.

### **Décima. Incidencias.**

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

### **Décimo primerá. Recursos**

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no Taboleiro de Anuncios do concello, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o alcalde-presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do anuncio do proceso selectivo non Boletín Oficial da Provincia (artigos 116, 117 e 48 da Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común). No caso de que interpoñerse recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 116 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).

### **Décima Segunda. Datos de carácter personal**

En cumprimento do disposto na *"Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal"*, se informa as persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter personal por elas facilitados serán incorporados a un fichero coa finalidade da selección de personal, e se lles reconece a posibilidade de exercer gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello do Grove, Praza Corgo nº1.

Os/as interesados/as autorizan ao Concello do Grove a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como á publicación das mesmos nos taboleiros de anuncios e na páxina web do Concello. A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para tratar a información nos termos indicados.

O Grove, a 1 de agosto de 2016

O Alcalde-presidente

O Secretario Xeral.

José A. Cacabelos Rico

Francisco Javier Novoa Juiz